

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de XANEIRO de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 29 de xaneiro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/09, do 18 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, do nº 25.301 ao nº 28.468 de 2009.

3.-Proposición da Presidencia: informe da Deputación sobre a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

4.-Toma de coñecemento da aprobación do proxecto reformado da obra “Remodelación do adro do convento do Rosario” Concello de San Sadurniño. PDPT Ferrol-Ortegal.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

5.-Aprobación da 1ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampl. Rede san. Lira, tramo Agrovello”, do Concello de Carnota, incluída na 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) anualidade 2009. Código: 09.3300.0095.0.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2010 fase 1 e fase 2 (complementario) e toma en consideración dos proxectos incluídos nel.

8.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 2ª fase 4ª relación: urbanización da estrada provincial DP 1901 Carballo-Sísamo (Fase 1) PK 0+000 ao 0+730 (Carballo).

9.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 3ª fase segunda relación: mellora da seguridade viaria na DP 7401 Urdilde a Antequera entre os PK 0+000 ao 0+302, senda peonil de Urdilde (Rois) e solicitar á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras.

10.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2010 1ª fase: complementario nº 1 do proxecto de ampliación e mellora de trazado da EP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos tramo PK 8,600 ao 14,700 (Abegondo e Oza dos Ríos).

11.-Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2010 1ª fase integrada polos proxectos: travesía na DP 5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia, remodelación e supresión de barreiras (Ordes); complementario nº 1 de mellora da seguridade viaria na DP 7304 de Xaras a Olveira P.K. 1,640 a 3+990 referente á construción dunha pasarela peonil no P.K. 1+970 (Ribeira).

12.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009, 8ª fase 1ª relación integrada polo proxecto: mellora da seguridade viaria na DP de Bertamiráns á Ramallosa desde o PK 0+400 ao 0+500: ampliación da ponte de Condomiña en Ames.

13.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009, 5ª fase integrada polo proxecto: complementario nº 1 do de mellora da seguridade viaria na DP 1704 Cambre a Carral P.K. 5,920 ao PK 9,840.

14.-Ratificar a solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto: ensanche, mellora de trazado e afirmado da EP 0512 O Birloque-Arteixo P.K. 3,020 ao PK 5,300 (A Coruña).

15.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 7ª fase integrada polo proxecto: modificado do de mellora da seguridade viaria da EP 1002 de Boimorto a Muros pola Gándara, P.K. 0+000 ao P.K. 0+860 Boimorto.

16.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009, 9ª fase integrada polo proxecto: terminación do modificado nº 1 da travesía na ECP 3004 de Cabanas a Martinete PK 0,3 a PK 1,40 (A Coruña).

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

17.-Aprobación da primeira fase da anualidade 2010 do Proxecto Mandeo.

18.-Aprobación das bases reguladoras da Marca “Refuxios do Río Mandeo” do Proxecto Mandeo 2008-2011 cofinanciado con fondos FEDER.

19.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago inmovible A.VV. As Brañas de San Andrés/Pelamios.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

20.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Fene.

21.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Fene en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións

municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

22.-Aceptación da ampliación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Abegondo.

23.-Aceptación da ampliación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Rois.

24.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do Concello de Cambre.

25.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do Concello de Carnota.

26.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do Concello de Outes.

27.-Aceptación da delegación de competencias en materia de recadación polo Consorcio contra incendios e salvamento da Coruña.

28.-Modificacións das subvencións nominativas anos 2008 e 2009.

*Declaración institucional

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XANEIRO DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 29 de xaneiro de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsanse os Sres. Piñeiro Hermida e Rama Seoane.

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión, no punto 27.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Antes de nada, xustificar a ausencia de don Pedro Piñeiro e don Bernardino Rama. O Sr. Pedro Piñeiro está fóra, ao Sr. Bernardino Rama onte faleceulle a súa nai, entón, co acordo do Pleno da Corporación, gustaríame que constase en acta a condolencia do Pleno polo falecemento da súa nai e que así se lle fíxese chegar.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/09, DO 18 DE DECEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 12/09, do 18 de decembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DO Nº 25.301 AO Nº 28.468 DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 25.301 á nº 28.468, de 2009.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”O presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol remite a certificación do acordo do Pleno da mancomunidade, adoptado na sesión do 30 de novembro de 2009, polo que se aproba a modificación dos estatutos para informe desta

Deputación provincial en cumprimento do que dispón o artigo 143.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGa).

Convén que o informe da Deputación sexa incorporado ao expediente coa maior celeridade posible para evitar atrancos no funcionamento da mancomunidade. Vista, polo tanto, a urxencia do asunto; ao abeiro do disposto nos artigos 56.3 e 71.2 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante cos artigos 82.3 e 97.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), elevo ao Pleno a seguinte proposta de acordo, previa ratificación plenaria da inclusión do asunto na orde do día:

“Informar favorablemente a modificación, acordada na sesión do Pleno da mancomunidade do 30 de novembro de 2009, dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, consistente na incorporación a este do Concello de Cedeira”.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REMODELACIÓN DO ADRO DO CONVENTO DO ROSARIO” CONCELLO DE SAN SADURNIÑO. PDPT FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Tomar coñecemento da Resolución da Presidencia nº 27.588 do 21 de decembro de 2009 pola que se aprobou o proxecto reformado denominado “Remodelación do adro do convento do Rosario” Concello de San Sadurniño. PDPT Ferrol-Ortegal (código do proxecto reformado) 2007.3.8.0010.2 polo seu presuposto de contrata 246.325,57 €, que representa un incremento respecto do primitivo de 51.113,37 €.”

5.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008,

1.- Aprobar a 1ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no [anexo I](#) a este acordo:

Nº de obras	35
Nº de concellos	26

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	644.550,37
Achega deputación (deputación préstamo)	4.994.308,74
Total	5.638.859,11

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2010.

A aprobación deste expediente queda condicionada á efectiva tramitación da operación de crédito que financia a achega provincial a esta fase do plan.

- 2.- Aprobar os correspondentes proxectos.
- 3.- Aprobar o Plan complementario á anualidade 2010 deste plan, no que se inclúen as obras que se relacionan no [anexo II](#) a este acordo que están pendentes de completar ou corrixir documentación. Estas obras teñen carácter de programación de actuacións e non se poderán aprobar definitivamente ata que estean correctas e completas.
- 4.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.
- 5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.
- 6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de Administración local de Galicia.
- 7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011
1ª Fase da anualidade
2010

Anexo 1: Obras da 1ª fase anualidade 2010 do Plan de Cooperación
 Provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN		TOTAL
			PRÉSTAMO	CONCELLO	
A BAÑA	10. 3300. 0119. 0	SANEAMENTO EN SEÑOR (A BAÑA)	65.975,18	34.909,32	100.884,50
			65.975,18	34.909,32	100.884,50
CARNOTA	10. 3300. 0120. 0	SAN., PLUV. E ABAST. NA LAGOA E CAPILLA-O PINDO	101.192,40	11.243,60	112.436,00
			101.192,40	11.243,60	112.436,00
CARRAL	10. 3300. 0121. 0	COLECTORES SECUNDARIOS NO CONCELLO, FASE I	401.126,61	55.117,78	456.244,39
			401.126,61	55.117,78	456.244,39
CERDIDO	10. 3300. 0122. 0	ABAST. AUGA A ROCHA, CARBALLEIRO E OUTROS	140.060,11	7.371,58	147.431,69
			140.060,11	7.371,58	147.431,69
DODRO	10. 3300. 0123. 0	SANEAMENTO EN LESTROBE	121.158,91	6.376,79	127.535,70
	10. 3300. 0124. 0	SANEAMENTO EN TEAIO	121.158,91	6.376,79	127.535,70
			242.317,82	12.753,58	255.071,40
DUMBRÍA	10. 3300. 0125. 0	SANEAMENTO EN CASTELO DE ABAIXO	69.082,55	30.917,45	100.000,00
	10. 3300. 0126. 0	SANEAMENTO NO CANCELO	69.082,55	30.917,45	100.000,00
	10. 3300. 0127. 0	SANEAMENTO NO LOMBIÑO	69.082,56	30.917,44	100.000,00
			207.247,66	92.752,34	300.000,00
FISTERRA	10. 3300. 0128. 0	SAN. E ABAST SARDIÑEIRO DE ARRIBA E OUTROS	108.605,65	7.206,70	115.812,35
			108.605,65	7.206,70	115.812,35
LOUSAME	10. 3300. 0129. 0	REDE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CAMBOÑO	95.000,00	5.000,00	100.000,00
			95.000,00	5.000,00	100.000,00
MAÑÓN	10. 3300. 0130. 0	MELLORA ABASTECIMENTO EN GRAÑAS E MAÑÓN	163.781,37	8.620,08	172.401,45
			163.781,37	8.620,08	172.401,45
MAZARICOS	10. 3300. 0131. 0	MELLORAS SAN. PINO DE VAL (AVDA. PEDRO DE VAL)	158.856,43	17.650,72	176.507,15
	10. 3300. 0132. 0	MELLORAS SAN. NA PICOTA, INTERIOR SERRÁNS	123.050,52	13.792,34	136.842,86
			281.906,95	31.443,06	313.350,01
MELIDE	10. 3300. 0133. 0	RENOV.PQ., ESPAZOS VERDES CONTORNO MULTIUSOS	153.000,00	17.000,00	170.000,00
			153.000,00	17.000,00	170.000,00
MIÑO	10. 3300. 0134. 0	RENOV.REDE HIDRÁULICA	173.614,64	19.639,90	193.254,54

			RÚA CURRO E CMÑ. REAL		173.614,64	19.639,90	193.254,54	
MONFERO	10.	3300.	0135.	0	AMPL.SAN NAS TRAVESAS E OUTROS (SAN FIZ)	298.411,61	15.706,39	314.118,00
						298.411,61	15.706,39	314.118,00
MUXÍA	10.	3300.	0136.	0	MELLORA SANEAMENTO EN MEREZO E TOURIÑÁN	62.213,80	37.830,50	100.044,30
						62.213,80	37.830,50	100.044,30
ORTIGUEIRA	10.	3300.	0137.	0	AMPL. REDE SAN. MOURIÑOS,RIBADOS, ROCHA E O.	138.174,91	15.352,77	153.527,68
						138.174,91	15.352,77	153.527,68
O PINO	10.	3300.	0138.	0	BOMBEO ZONA PISCINAS E VILACHÁ	95.119,76	5.006,31	100.126,07
						95.119,76	5.006,31	100.126,07
POBRA DO CARAMIÑAL, A	10.	3300.	0139.	0	REHABILITACIÓN XARDÍNS VALLE INCLÁN	116.682,62	12.967,38	129.650,00
						116.682,62	12.967,38	129.650,00
PONTECESO	10.	3300.	0140.	0	ABAST. E PLUV.BUGALLEIRA, PAZOS ABAIXO E ARRIBA	143.069,47	15.900,67	158.970,14
	10.	3300.	0141.	0	ABST. E SAN. CURRÁS (O COUTO) SAN. FONTÁN-TELLA	165.955,65	18.444,21	184.399,86
						309.025,12	34.344,88	343.370,00
ROIS	10.	3300.	0142.	0	ABAST. E SANEAMENTO EN CUBELA E CONTIMUNDE	364.016,83	40.446,32	404.463,15
	10.	3300.	0143.	0	ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN O AIDO	115.695,44	13.379,76	129.075,20
						479.712,27	53.826,08	533.538,35
SOBRADO	10.	3300.	0144.	0	SANEAMENTO, PLUVIAIS E ABAST. NÚCLEO SOBRADO	111.335,55	5.859,77	117.195,32
						111.335,55	5.859,77	117.195,32
TEO	10.	3300.	0145.	0	ABAST. E SAN. EN QUINTÁNS-A IGREXA,LUOU (TEO)	197.837,63	49.459,41	247.297,04
	10.	3300.	0146.	0	ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN BOUÑO, RARÍS	98.668,98	24.667,25	123.336,23
	10.	3300.	0147.	0	ABAST. E SAN. EN VILAVONA E TARRÍO, RECESENDE	91.413,15	22.853,29	114.266,44
						387.919,76	96.979,95	484.899,71
TOQUES	10.	3300.	0148.	0	EDAR EN SOUTO E OUTROS	131.144,43	6.902,34	138.046,77
						131.144,43	6.902,34	138.046,77
TORDOIA	10.	3300.	0149.	0	AMPL.SANEAMENTO EN SEIXÁN (CABALEIROS) E OUT.	118.044,38	6.212,86	124.257,24

				118.044,38	6.212,86	124.257,24
TOURO	10. 3300. 0150. 0	AMPL.ABAST.BAIOBRE, OCA DE ABAIXO, DE ARRIBA	93.317,23	9.388,03	102.705,26	
	10. 3300. 0151. 0	AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN MOURELOS E VILAR	94.191,56	9.475,99	103.667,55	
			187.508,79	18.864,02	206.372,81	
TRAZO	10. 3300. 0152. 0	ABASTECIMIENTO AUGA PARROQ.BERREO,CASTELO	336.279,50	18.354,10	354.633,60	
			336.279,50	18.354,10	354.633,60	
ZAS	10. 3300. 0153. 0	REDE COLECTORES NÚCLEO LANGUEIRÓN (MEANOS)	88.907,85	13.285,08	102.192,93	
			88.907,85	13.285,08	102.192,93	
		TOTAL	4.994.308,74	644.550,37	5.638.859,11	
		NÚMERO DE OBRAS	35			
		NÚMERO DE CONCELLOS	26			

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011

1ª Fase da anualidade 2010

Anexo II : Plan complementario á anualidade 2010 do Plan de Cooperación Provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	SANEAMENTO EN SEIXURRA E SAN ROMÁN	126.732,91	14.081,44	140.814,35
		126.732,91	14.081,44	140.814,35
ARZÚA	ABAST. EN PANTIÑOBRE, BRANDESO, TRONCEDA E O.	539.879,73	60.021,90	599.901,63
		539.879,73	60.021,90	599.901,63
BERGONDO	REDE SAN. EN CORTIÑÁN (A FRAGA, OS CURROS E O.)	135.112,88	42.919,84	178.032,72
		135.112,88	42.919,84	178.032,72
BETANZOS	SANEAMENTO NO CEPIÑO	151.601,09	26.753,13	178.354,22
	SANEAMENTO NA RÚA	100.900,15	17.805,91	118.706,06
		252.501,24	44.559,04	297.060,28
BOIMORTO	SANEAMENTO EN ROMELAS (MERCURÍN)	76.240,80	23.805,84	100.046,64
		76.240,80	23.805,84	100.046,64
CABANA DE BERGANTIÑOS	AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA MANTÓN	176.287,18	19.597,10	195.884,28
	AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA CORCOESTO	138.233,08	15.366,79	153.599,87
		314.520,26	34.963,89	349.484,15
CAMARIÑAS	SANEAMENTO EN BRAÑAS VERDES	168.662,97	18.740,33	187.403,30
	RENOV. SAN. E PLUVIAIS RONDA SAN XURXO	100.540,13	11.680,43	112.220,56

		269.203,10	30.420,76	299.623,86
CEE	RECOLLIDA PLUVIAIS NA GRIXA	93.045,69	10.338,41	103.384,10
		93.045,69	10.338,41	103.384,10
CURTIS	ABAST.AUGA A ESPÍÑEIRA, A GRAÑA, BOIPARDO E O.	229.900,00	12.100,00	242.000,00
		229.900,00	12.100,00	242.000,00
FENE	RENOV. ABAST. AVDA.NATURAIS E R/DA FRAGA	166.249,12	29.338,07	195.587,19
		166.249,12	29.338,07	195.587,19
LARACHA A	REDE DE SANEAMENTO EN VILLAMIR (SOANDRES)	98.515,00	17.385,00	115.900,00
	REDE DE SANEAMENTO EN CAIÓN E ERBOEDO	92.971,36	16.406,71	109.378,07
	REDE SANEAMENTO EN CUMIÁNS (MONTEMAIOR)	94.153,15	16.615,26	110.768,41
	REDE SAN. EN BAIUCA E MONDRAGONA (MONTEMAIOR)	90.029,62	15.887,58	105.917,20
	REDE DE SANEAMENTO EN XEIRIZ	95.005,40	16.765,66	111.771,06
		470.674,53	83.060,21	553.734,74
MELIDE	AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO EN VITRIZ E OU.	128.735,75	14.303,97	143.039,72
	AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO S.SALVADOR E OU.	97.619,42	10.846,60	108.466,02
	SANEAMENTO EN RIOCOBO E OUTROS	154.720,40	17.191,16	171.911,56
		381.075,57	42.341,73	423.417,30
MESÍA	SANEAMENTO E EDAR EN XANCEDA	112.639,20	5.928,38	118.567,58
		112.639,20	5.928,38	118.567,58
MUGARDOS	ABAST. O MONTE E IGREXA E SAN. GALIÑEIRO E O.	138.062,65	15.340,30	153.402,95
		138.062,65	15.340,30	153.402,95
MUROS	MELL. INFR. HIDRÁULICAS OUTEIRIÑOS	272.219,88	30.270,56	302.490,44
	MELL. INFR. HIDRÁULICAS EN SERRES	278.196,71	30.934,65	309.131,36
		550.416,59	61.205,21	611.621,80
NEDA	SAN. VILA DE ANCA, CHAO DA ALDEA E OUTROS	265.217,41	29.468,60	294.686,01
		265.217,41	29.468,60	294.686,01
NEGREIRA	ABAST.EN MARCELLE, MAIO PEQUENO,LOGROSA	179.972,87	19.996,99	199.969,86
	ABAST. EN COBAS, LANDEIRA E SAN MARTIÑO	125.999,99	14.000,00	139.999,99
	REPOSICIÓN REDE ABASTECIMIENTO EN NEGREIRA	315.000,00	35.000,00	350.000,00
		620.972,86	68.996,99	689.969,85

NOIA	SUBST. TUBAXE XERAL EN NOIA SANEAMENTO, ABAST., PAV. EN BOA E TARAMANCOS	297.236,55	62.568,45	359.805,00
		315.356,12	66.382,64	381.738,76
		612.592,67	128.951,09	741.543,76
ORDES	SAN. E ABAST. NO CURRO E OUTROS SANEAMENTO O PEREIRO-TRAS S.ANTÓN E OUT.	163.242,41	28.807,49	192.049,90
		161.702,83	28.535,79	190.238,62
		324.945,24	57.343,28	382.288,52
ORTIGUEIRA	MELLORA REDE SANEAMENTO EN ESPASANTE E O. AMPL. REDE SAN. AC.862 PARRQ.SAN CLAUDIO SUBST.REDE ABAST.R/FCO. SANTIAGO E OUTRA SUBST. REDE AVDA. E TRAV. DE CUBA, XERAL FRANCO	114.860,05	12.762,23	127.622,28
		208.791,85	23.199,09	231.990,94
		183.647,94	20.405,33	204.053,27
		139.690,64	16.777,02	156.467,66
		646.990,48	73.143,67	720.134,15
OUTES	SANEAMENTO EN CABAMOURA E TARÁS	89.530,21	18.059,26	107.589,47
		89.530,21	18.059,26	107.589,47
OZA DOS RÍOS	AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO EN PARADA	199.281,47	12.718,53	212.000,00
		199.281,47	12.718,53	212.000,00
POBRA DO C.	REHABILITACIÓN MUÍÑOS PONTE BARBANZA	116.682,63	12.967,37	129.650,00
		116.682,63	12.967,37	129.650,00
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	SANEAM. O NARÓN, A CUIÑA, GOENTE REP.SERV.ABAST. E SAN. NA MADALENA 4ªF. E OU.	102.701,90	18.123,87	120.825,77
		155.097,96	27.370,23	182.468,19
		257.799,86	45.494,10	303.293,96
PORTO DO SON	ABAST. INTEGRAL ZONA NORTE PARRQ. MIÑORTOS	615.674,04	181.902,81	797.576,85
		615.674,04	181.902,81	797.576,85
SADA	RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADAIROS	82.052,81	17.947,19	100.000,00
		82.052,81	17.947,19	100.000,00
S. SADURNIÑO	SAN. EN OUTEIRO, CMÑO. ARRIBA E GURPILLEIRA	119.164,82	6.271,83	125.436,65
		119.164,82	6.271,83	125.436,65
SANTA COMBA	ABASTECIMIENTO AUGA SAN CRISTÓBAL 1ª FASE REMODELACIÓN PRAZA STA. COMBA	477.635,60	84.288,63	561.924,23
		440.985,58	77.820,99	518.806,57

		918.621,18	162.109,62	1.080.730,80
SANTISO	EDAR E AMPL.SAN. PEZOBRE,RENDOS E SAA	96.302,06	5.068,53	101.370,59
		96.302,06	5.068,53	101.370,59
SOMOZAS,AS	SAN. E DEPURACIÓN EN VILACHAVE, COTO E O.	95.000,00	5.000,00	100.000,00
	AMPL. ABAST. POLÍGONO INDUSTRIAL AS SOMOZAS	184.421,64	16.176,95	200.598,59
		279.421,64	21.176,95	300.598,59
TEO	ABAST. E SAN. E MOUROMORTO E SOCASTRO	124.502,08	31.125,52	155.627,60
		124.502,08	31.125,52	155.627,60
TORDOIA	SANEAMENTO EMPALME DE ANXERIZ E OUTRO	138.571,13	7.293,22	145.864,35
		138.571,13	7.293,22	145.864,35
TOURO	SANEAMENTO NA MUIÑA	91.076,39	9.162,60	100.238,99
		91.076,39	9.162,60	100.238,99
VILASANTAR	ABASTECIMIENTO AUGA PARROQUIA VILARIÑO	274.884,30	14.484,29	289.368,59
		274.884,30	14.484,29	289.368,59
VIMIANZO	SANEAMENTO INTEGRAL NÚCLEO PIROXA	391.411,14	43.490,13	434.901,27
		391.411,14	43.490,13	434.901,27
ZAS	SANEAMENTO NÚCLEO DE MEANOS	171.025,87	28.974,13	200.000,00
	AMPL.SAN DE RESID.BAIO PQU., AGREANAS E OUTROS	173.904,42	25.985,72	199.890,14
	REDE COLECTORES NÚCLEO DE FORNELOS	173.886,55	25.983,05	199.869,60
		518.816,84	80.942,90	599.759,74
CARIÑO	ABASTECIMIENTO- SANEAMENTO NA RÚA REAL	212.320,03	41.651,30	253.971,33
	ABASTECIMIENTO- SANEAMENTO NA RÚA ROSARIO	132.589,38	26.010,36	158.599,74
		344.909,41	67.661,66	412.571,07
	TOTAL	10.985.674,94	1.606.205,16	12.591.880,10

NÚMERO DE OBRAS 60
NÚMERO DE CONCELLOS 37

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPL. REDE SAN. LIRA, TRAMO AGROVELLO”, DO CONCELLO DE CARNOTA,

INCLUÍDA NA 2ª FASE DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) ANUALIDADE 2009. CÓDIGO: 09.3300.0095.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da "Ampliación da rede de saneamento, Lira, tramo Agrovello” (código:09.3300.0095.0) do Concello de Carnota, incluída na 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2009, cun orzamento de contrata de 100.000,00 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación E.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0095.0	Carnota	Ampl. rede san. Lira, tramo Agrovello	90.000,00	10.000,00	100.000,00

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á efectiva incorporación dos remanentes procedentes do exercicio 2009 no que se consignará a cantidade necesaria para o financiamento desta obra.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 FASE 1 E FASE 2 (COMPLEMENTARIO) E TOMA EN CONSIDERACIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NEL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2010 e tomar en consideración os proxectos incluídos nel cun orzamento total de 3.259.198,74.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

Proyecto	Presupuesto Contrata	CODIGO
LOTE 1		
Grupo 2 y 8: Irixoa, Monfero, Paderne, As Pontes y Vilarmaior.	354.475,35	101100001.0
Grupo 4: Ferrol y Narón.	354.723,91	101100002.0
Grupo 10 y 11: Cambre, Carral, Abegondo y Betanzos.	441.749,36	101100003.0
Grupo 13, 14 y 15: Boimorto, Frades, Mesía, Ordes, Oroso y Vilasantar.	428.517,37	101100004.0
Grupo 16: Arteixo, A Coruña y Culleredo.	449.992,44	101100005.0
Grupo 18: Cabana, Coristanco, Malpica, Ponteceso y Zas.	307.963,34	101100006.0
Grupo 20: Cee, Corcubión, Dumbría y Mazaricos	87.005,06	101100007.0
Grupo 21 y 22: Ames, A Baña, Negreira, Ordes, Santiago, Tordoia, Trazo y Val do Dubra	356.559,06	101100008.0
Grupo 24: Boiro, Lousame y Noia.	176.131,42	101100009.0
Grupo 28: Pobra, Porto do Son y Ribeira.	302.081,43	101100010.0
TOTAL LOTE 1	3.259.198,74	

2.- Aprobar o Plan complementario ao plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, no que se inclúen as obras complementarias que se relacionan.

Proyecto	Presupuesto Contrata	CODIGO
LOTE 2		
Grupo 1A, 1B y 3: Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón y Ortigueira.	351.667,34	101100011.0
Grupo 5, 6 y 7: Ares, Cabañas, Fene, Miño, Moeche, Mugardos, Neda, Pontedeume y San Sadurniño	364.253,28	101100012.0
Grupo 9: Oleiros y Sada.	360.900,31	101100013.0
Grupo 12: Aranga, Cesuras, Coiros y Curtis.	193.664,58	101100014.0
Grupo 17: Carballo, Cerceda, Laracha.	383.538,79	101100015.0
Grupo 19: Camariñas, Laxe y Vimianzo.	69.219,86	101100016.0
Grupo 23: Mazaricos, Muros y Outes.	168.945,75	101100017.0
Grupo 25 y 26: Brión, Dodro, Padrón, Rois, Ames, Santiago, Teo y Vedra.	366.432,68	101100018.0
Grupo 27: Boiro y Rianxo.	173.493,51	101100019.0
Grupo 29: Red Viaria del Polígono de Sabón.	66.639,00	101100020.0
Grupo 35: Coristanco a Santa Comba y Grupo 36: Serra de Outes a Dumbria.	140.381,83	101100021.0
TOTAL LOTE 2	2.639.136,93	

Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de xeito que quedan condicionadas a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

3) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que hai que inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

8.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 2ª FASE 4ª RELACIÓN: URBANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP 1901 CARBALLO-SÍSAMO (FASE 1) PK 0+000 AO 0+730 (CARBALLO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2009 2ª FASE 4ª RELACION integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 597398,55.- euros e que se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
URBANIZACION DA ESTRADA PROVINCIAL DP 1901 CARBALLO SÍSAMO (FASE 1) PK 0+000 AO 0+730 (CARBALLO) (0911300012.0)	597.398,55
TOTAL	597.398,55

2.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

9.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 3ª FASE

SEGUNDA RELACIÓN: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AO 0+302 SENDA PEONIL DE URDILDE (ROIS) E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS CITADAS OBRAS.

1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2009 3ª FASE SEGUNDA RELACIÓN integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 100.225,97.- euros e que se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AO 0+302 SENDA PEONIL DE URDILDE (ROIS) (0911300008.0)	100.225,97
TOTAL	100.225,97

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e de acordo cos informes que constan no expediente. O proxecto que hai que remitir á Xunta de Galicia é:

DENOMINACIÓN	EXPROPIACIÓNS
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AO 0+302 SENDA PEONIL DE URDILDE (ROIS)	4.085,99

Todo iso tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

RAZÓN QUE MOTIVAN A URXENCIA:

ACCiónS QUE HAI QUE CONSIDERAR NO PROXECTO:

Creación de senda peonil na marxe da estrada, de ancho mínimo de 2 m, co fin de mellorar a seguridade dos peóns en tránsito cara a/desde a Igrexa e o campo da Feira e o inicio da estrada provincial.

A distancia mínima entre carril e senda será de 4m.

A anchura da senda/beirarrúa será de 2 m e a dos aparcadoiros, onde existan será de 2 m.

Prolongación ou nova construción da drenaxe transversal

Sinalización e balizamento de todo o bordo da senda

Reposición de servizos afectados.

XUSTIFICACION DA SOLUCION ADOPTADA

- O obxecto do proxecto é a creación dunha senda peonil na marxe esquerda da estrada co fin de mellorar a seguridade dos peóns en tránsito cara a/desde a Igrexa e o campo

da Feira e o inicio da estrada provincial, por iso ampliase a zona afectada ata o pK 0+302.4 para dar continuidade ata a vivenda lindeira.

- A senda sitúase na marxe esquerda da estrada debido á existencia dun muro e unha cuneta de formigón no inicio da DP-7401 que fan desbotar a marxe dereita.
- O largo da senda nalgúns puntos diminúe de 2 m co fin de conservar os peches existentes e non impedir a entrada aos garaxes.
- A senda proxectouse como un prolongamento da estrada existente, tendo en conta a pendente transversal necesaria para dar acceso ás vivendas.
- Colocáronse dous muros entre os pK 0+000-0+040 e 0+260-0+280 para que a ocupación nos terreos sexa mínimo.

A senda considerouse como unha ampliación da plataforma existente cunha elevación de 6 cm, grosor da mestura bituminosa en frío.

Para o cálculo adoptáronse os seguintes parámetros:

- *Parámetros en planta:*

- *Ancho de senda: 2,00 metros*

Existindo un estreitamento ata 1,80 metros condicionado polos peches existentes na zona do proxecto.

- *Radio mínimo: 49 metros*
- *Radio máximo: 140 metros*

- *Parámetros en alzado:*

Considerouse a senda como prolongación transversal da estrada tendo en conta o acceso ás vivendas existentes na zona.

Na contorna do P.K. 0+100, onde a dita senda perde continuidade debido á existencia dun acceso a un garaxe cunha pendente elevada.

SINALIZACION:

A sinalización da estrada, interseccións con estradas e rúas existentes, etc. efectúouse de acordo coas normas do Ministerio de Fomento dadas na Orde Circular 8.2.IC "Marcas Vias" do marzo de 1987, pola Dirección Xeral de Estradas, a O.C. nº 209/76 C.e E. de outubro de 1976 da Dirección Xeral de Estradas de xuño de 1968.

As marcas lonxitudinais utilizadas axustaranse a:

- *M-2.6*
- *M-1.12*
- *Tipo M-4.3*
- *M-4.1*

Con respecto á sinalización vertical, reparanse todos aqueles sinais existentes que haxa que trasladar para a construción da obra.

Todo isto co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras que se relacionan mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín

Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

TITULO DO PROXECTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AL 0+302 SENDA PEONIL DE URDILDE (ROIS)

10.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 1ª FASE: COMPLEMENTARIO Nº 1 DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS TRAMO PK 8,600 AO 14,700 (ABEGONDO E OZA DOS RÍOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2010 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 239.950,16.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO NUMERO 1 DO PROXECTO AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA EP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS TRAMO PK 8,600 A 14,700 (Abegondo e Oza dos Ríos) (1011100001.0)	239.950,16

2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que hai que inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

11.-APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2010 1ª FASE INTEGRADA POLOS PROXECTOS: TRAVESÍA NA DP 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA, REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ORDES); COMPLEMENTARIO Nº 1 DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,640 A 3+990 REFERENTE Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL NO P.K. 1+970 (RIBEIRA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1) “Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2010 1ª FASE cun orzamento total de 508211,33.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
--------------	-----------

TRAVESIA NA DP 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA, REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ORDES)	429.406,42
COMPLEMENTARIO Nº 1 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7304 DE XARAS A OLVEIRA PK 1,640 AO 3+990 REFERENTE Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL NO PK 1+970 (RIBEIRA)	78.804,91
TOTAL	508.211,33

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito axeitado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

3) Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación á que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

12.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 8ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADA POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA DESDE O PK 0+400 AO 0+500: AMPLIACIÓN DA PONTE DE CONDOMIÑA EN AMES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar provisionalmente o Plan de TRAVESÍAS 2009 8ª FASE 1ª RELACIÓN, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 135435,03 euros e que é o que o continuación se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA DESDE O P.K. 0+400 AO P.K. 0+500: AMPLIACION DA PONTE DA CONDOMIÑA EN AMES (0911300021.0)	135.435,03
TOTAL	135.435,03

2ª Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

13.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 5ª FASE INTEGRADA POLO PROXECTO: COMPLEMENTARIO Nº 1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL P.K. 5,920 AO PK 9,840.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar provisionalmente o Plan de TRAVESÍAS 2009 5ª FASE cun orzamento total de 148.497,45.- euros e que é o que a continuación se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 1704 CAMBRE A CARRAL PK 5,920 AO PK 9,840 (0911200020.0)	148.497,45
TOTAL	148.497,45

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e o proxecto que o integra no caso de non presentárense reclamacións.”

14.-RATIFICAR A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO: ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 0512 O BIRLOQUE-ARTEIXO P.K. 3,020 AO PK 5,300 (A CORUÑA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras incluídas no Proxecto ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 AO PK 5,300 (A CORUÑA), tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

O tramo consta de dúas zonas netamente diferenciadas e obxecto de actuacións moi diferentes:

Zona urbana, os primeiros 400 metros, ata o punto de entronque da estrada de acceso ao cemiterio de Feáns, teñen un neto carácter de travesía urbana estando a estrada franqueada por edificacións sen case solución de descontinuidade:

- Beirarrúas en ambos os dous lados (sendo as actuais existentes nalgunhas zonas de dimensións reducidas para a seguridade dos peóns)
- Ampliación de plataforma a 10,9 m. (2 carrís de 3,5 e beirarrúas de 1,95)
- Dotación dun novo paquete de firme en toda a calzada
- Reposición da rede de saneamento
- Reposición de rede de abastecemento de auga
- Rede de recollida de pluviais
- Renovación da iluminación pública

Nesta zona mantense a rasante actual

O resto da actuación (1980 metros) ten o típico carácter de obras de ensanche e mellora:

- Ampliación da plataforma a 9 metros (2 carrís de 3., 5 metro e dúas beiravías de 1 metro)

- Construción de novas obras de drenaxe
- Reposición de servizos afectados

- A ampliación da plataforma realizarase preferentemente na zona de desmonte para evitar a invasión de amplas zonas de ladeira co recheo de terraplén e a afección a edificacións e accesos lindeiros.

Nos seus primeiros 400 metros encóntrase bordeada por ambas as dúas marxes por unha serie de construcións con entradas desde a estrada e nalgúns zonas, delimitada por beirarrúas de dimensións reducidas que lle confiren ao tramo un carácter de travesía urbana. Tamén hai nesta zona diferente accesos a predios lindeiros con pendentes pronunciadas en ambas as dúas marxes e conclúe no punto de entronque da estrada de acceso ao cemiterio de Feáns.

A partir deste punto encóntrase, a man dereita, as instalacións da empresa ATUNICE S.A. E 100 metros máis adiante, tamén na marxe dereita, áchase un punto a ter en conta no novo trazado ao existir unha vivenda unifamiliar situada a 30 metros do eixe e 4 metros por debaixo da rasante actual.

A partir de aquí a estrada discorre, tamén a media ladeira, ata o final do tramo por unha zona de arboredo a ambos lados da estrada, sendo unicamente salientable a presenza dun muro de pedra duns dous metros de altura, que daba protección a unha antiga vivenda. O entronque coa estrada de acceso ao cemiterio de Feáns require unha actuación específica que mellore a seguridade viaria nesta intersección.

Existen varias zonas con trazado sinuoso e perigoso que poden ser obxecto de substancial mellora con lixeiras rectificacións de trazado en planta e así lograr unhas condicións de seguridade e confort acordes a unha estrada convencional de características similares.

Todo isto co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

15.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 7ª FASE INTEGRADA POLO PROXECTO: MODIFICADO DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA EP 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 AO P.K. 0+860 BOIMORTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar provisionalmente o Plan de TRAVESÍAS 2009 7ª FASE integrada polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 412922,57.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO MODIFICADO DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA EP 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 AO P.K. 0+860. BOIMORTO". (0811300005.0)	412.922,57
Total	412.922,57

2ª Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

16.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 9ª FASE INTEGRADA POLO PROXECTO: TERMINACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESÍA NA ECP 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK 0,3 A PK 1,40 (A CORUÑA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º) Aprobar provisionalmente o de TRAVESIAS 2009 9ª FASE, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 86909,71.- euros e que é o que a continuación se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TERMINACION DO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESIA NA D.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 A P.Q. 1,40 (A CORUÑA) (0511300011.2)	86.909,71
TOTAL	86.909,71

Faise constar que o contrato de TRAVESIA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 AO P.Q. 1,40 (A CORUÑA) (0511300011.0) foi resolto por Resolución de Presidencia do 15-9-09.

2º) Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, enténdendose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

17.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta Deputación:

Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0017.0	Xestión e promoción marca "Refuxios do Río Mandeo" . Pr.Mandeo	102.900,00 44.100,00 147.000,00	85.400,00 36.600,00 122.000,00	188.300,00 80.700,00 269.000,00
10.2800.0018.0	Redacción proxectos obras saneamento. Lote 1. Pr. Mandeo	30.450,00 13.050,00 43.500,00		30.450,00 13.050,00 43.500,00

10.2800.0019.0	Redacción proxectos obras saneamento. Lote 2. Pr. Mandeo	32.550,00 13.950,00 46.500,00		32.550,00 13.950,00 46.500,00
10.2800.0020.0	Redacción proxectos obras saneamento. Lote 3. Pr. Mandeo	32.060,00 13.740,00 45.800,00		32.060,00 13.740,00 45.800,00
TOTAL		197.960,00 84.840,00 282.800,00	85.400,00 36.600,00 122.000,00	283.360,30 121.440,70 404.800,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial.

Para a anualidade 2010 existe crédito suficiente na citada partida, e para a anualidade 2011 a Deputación comprométese a incluír no correspondente orzamento provincial o crédito necesario para financiar o importe correspondente á devandita anualidade.

En uso das facultades conferidas ao Pleno da Deputación no art. 174.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, (BOE nº 59 do 9 de marzo de 2004), modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de xeito que o financiamento de cada anualidade, sexa o indicado anteriormente.

3 º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

18.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA MARCA “REFUXIOS DO RÍO MANDEO” DO PROXECTO MANDEO 2008-2011 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as bases reguladoras da marca “Refuxios do río Mandeo” do proxecto Mandeo cofinanciado con fondos FEDER, cuxo texto figura no anexo a este acordo.

2.- Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderanse definitivamente aprobadas estas bases reguladoras”.

BASES REGULADORAS DA MARCA "REFUXIOS DO RÍO MANDEO"

PROXECTO MANDEO 2008-2011 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER

1.- DENOMINACIÓN E FINALIDADE

Dentro do "Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 2008-2011", cofinanciado con Fondos Feder, a Deputación Provincial da Coruña crea unha marca de garantía denominada "REFUXIOS DO RÍO MANDEO" destinada aos establecementos de restauración e aloxamento dos 10 concellos incluídos na conca do río Mandeo que se indican na base 2.

A marca é de titularidade da Deputación Provincial da Coruña e está inscrita na Oficina Española de Patentes e Marcas. O seu distintivo gráfico é o seguinte:



A marca está baseada en requisitos de calidade, accesibilidade, medio ambientais etc., terá unha infografía común e unhas restricións arquitectónicas e de decoración tamén comúns.

A finalidade é a creación dunha marca que estea cada vez máis presente e sexa apreciada polos consumidores e os hostaleiros co obxectivo de contribuír á posta en valor da conca do Mandeo e á dinamización socioeconómica da zona.

Esta acción inclúese dentro da actuación B.13 do proxecto Mandeo, cofinanciado con fondos FEDER, dentro do eixe 5 "Desenvolvemento rural e local do programa operativo do FEDER 2007-2013.

2.- DESTINATARIOS

Os destinatarios da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO son os establecementos de restauración e aloxamento dos 10 concellos incluídos na conca do río Mandeo que son os seguintes:

Aranga	Curtis
Bergondo	Irixoa
Betanzos	Oza dos Ríos

Cesuras	Paderne
Coirós	Sobrado

3.- REGULACIÓN DA MARCA DE GARANTÍA

A normativa aplicable á marca de garantía REFUXIOS DO RÍO MANDEO son as presentes bases reguladoras, os protocolos de requisitos para o emprego da marca en empresas de restauración ou de aloxamento, segundo corresponda, e supletoriamente a Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

4.- REQUISITOS DE ADHESIÓN Á MARCA

Os establecementos de restauración e aloxamento que desexen adherirse á marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO deberán cumprir os seguintes requisitos:

A -Ser establecementos de restauración e aloxamento que realicen a súa actividade nalgún dos 10 concellos da conca do Mandeo indicados na base 2.

B- Estar rexistrados e de alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia como empresas de restauración ou de aloxamento.

C- Cumprir o “Protocolo de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de restauración” ou o “Protocolo de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de aloxamento”.

5.- PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE E CONCESIÓN DO USO DA MARCA

Os establecementos de restauración e aloxamento interesados en adherirse á marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña a solicitude que figura como anexo I a estas bases, debidamente cuberta e asinada polo representante legal da empresa. A información recibida será considerada confidencial para todos os efectos.

A solicitude poderá presentarse en calquera momento desde a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, e polo menos semestralmente procederase á súa resolución de acordo co disposto nestas bases.

A Deputación facilitaralle ao solicitante os protocolos de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de restauración ou de aloxamento, segundo corresponda.

A Deputación revisará os documentos presentados e no seu caso, solicitará as correccións ou aclaracións que sexan necesarias.

Realizarase unha auditoría para verificar que o establecemento solicitante cumpre os Protocolos de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de restauración ou de aloxamento, segundo corresponda. O proceso de auditoría desenvolverase de acordo co disposto nestas bases.

O informe de auditoría elaborado será remitido ao “Comité de Avaliación e seguimento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, quen emitirá unha proposta sobre a concesión do uso da marca aos establecementos solicitantes, para que o presidente da Deputación dite a correspondente resolución na que aprobe, desestime ou estableza condicións complementarias do uso da marca.

A resolución da Presidencia relativa ao uso da marca notificaráselle ao establecemento solicitante. Os establecementos aos que se lles conceda o uso da marca e a Deputación subscribirán un documento no que se deixará constancia da concesión do uso da marca e dos dereitos e obrigas que comporta.

Con carácter xeral, a concesión do uso da marca realizarase por un período de 3 anos, salvo que na resolución de concesión se indique outro prazo.

6.- RENOVACIÓN DO USO DA MARCA

Durante o período de concesión do uso da marca realizaranse auditorías e visitas para verificar o seu correcto funcionamento.

No caso de que o informe da auditoría contemple algunha incidencia, a Deputación poñerase en contacto co establecemento para tomar as medidas correctoras oportunas.

Unha vez transcorrido o período de 3 anos de concesión do uso da marca, se o informe da auditoría é positivo e o establecemento está de acordo, a proposta do Comité de Avaliación e seguimento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, mediante resolución da Presidencia renovarase o uso da marca polo período que se indique.

7.- SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DO USO DA MARCA

O presidente da Deputación, por proposta do “Comité de Avaliación e seguimento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, poderá suspender temporalmente a concesión do uso da marca cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Incumprimento por parte da empresa dos requisitos recollidos no Protocolo de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de restauración ou de aloxamento, segundo corresponda.
- b) Incumprimento das presentes bases reguladoras

A suspensión será efectiva durante o prazo que se determine ou condicionada ao restablecemento por parte da empresa das condicións que se especifiquen. Durante o tempo que dure a suspensión a empresa non poderá utilizar a marca.

Cando o incumprimento por parte da empresa sexa grave ou reiterado, o presidente da Deputación, por proposta do “Comité de Avaliación e Seguimento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, poderá anular a concesión do uso da marca. A anulación terá carácter definitivo e a empresa non poderá solicitar de novo o uso da marca.

A Deputación poderá facer públicas as suspensións e anulacións da concesión do uso da MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO.

9.- USO DA MARCA

Só están lexitimados para o uso da marca os establecementos de aloxamento e restauración autorizados pola Deputación, como titular da marca, tralo procedemento de adhesión establecido, e non poderá ser cedido nin subautorizado o seu uso.

A marca só poderá ser utilizada nas condicións e na forma específica disposta nestas bases e na resolución de concesión e en todo caso, non poderá ser utilizada de maneira que poida causar descrédito, prexudicar á súa reputación ou inducir a erro aos consumidores.

A marca só poderá utilizarse de xeito accesorio, nunca a título principal ou substitutivo da marca do usuario. En particular, a marca non poderá ter unha dimensión igual ou maior ca a do establecemento turístico, nin poderá estar colocada nun lugar que induza a erro sobre a súa verdadeira natureza de marca de garantía.

Os establecementos autorizados para utilizar a marca serán os únicos responsables dos defectos dos seus establecementos ou da prestación irregular dos seus servizos, sen que poidan responsabilizar diso ao titular da marca.

Os establecementos deberán comunicarlle á Deputación os cambios que afecten significativamente ao seu deseño ou especificación así como os cambios de propietarios, estrutura ou dirección da empresa.

10.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

O procedemento de avaliación e seguimento abarca as actividades de verificación, a través da realización de auditorías e visitas baixo a modalidade de cliente misterioso, que sexan precisas para comprobar que as empresas cumpren os Protocolos de requisitos para o emprego da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO en empresas de restauración ou de aloxamento, segundo corresponda.

As auditorías serán realizadas por auditores especializados, tanto no procedemento de solicitude e concesión, como na fase de seguimento, de acordo cun programa de auditorías anuais que servirá de referencia para a planificación dos traballos. Nos informes de auditoría que se elaboren recolleranse todos os datos relativos á empresa e ao cumprimento dos requisitos establecidos e terminará cunha conclusión en relación coa concesión ou mantemento da marca, e incluírá, cando proceda, propostas de accións correctoras e prazos para a súa realización.

En fase de seguimento poderanse realizar visitas baixo a modalidade de “cliente misterioso” nas que o auditor se presente no establecemento como cliente normal e sen aviso previo para verificar o cumprimento dos estándares de calidade e todos os aspectos relacionados co uso da marca. O auditor reflectirá por escrito todo o ocorrido durante a visita e no documento elaborado conteranse conclusións e no seu caso propostas de mellora.

11.- COMITÉ DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO

Créase un “Comité de Avaliación e seguimento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO” do Proxecto Mandeo da Deputación Provincial da Coruña que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente	Deputado da Comisión de Plans Especiais ou persoa en quen delegue
Vogal	Un representante da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños Canles e Portos da Universidade da Coruña
Vogal	Un funcionario do Servizo de Vías e Obras
Secretario	Un funcionario do Servizo de Xestión de Plans

O Comité de Avaliación e seguimento do Proxecto Mandeo terá as seguintes funcións:

- Analizar as solicitudes de adhesión recibidas e realizar as avaliacións e seguimentos que sexan necesarios
- Propoñer o establecemento de condicións para a concesión ou mantemento da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO
- Propoñerlle á Presidencia da Deputación a concesión, desestimación, mantemento, suspensión ou anulación do uso da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO

O Comité de Avaliación e Seguimento reunirse polo menos cunha periodicidade semestral, a primeira no mes de marzo de 2010, ata que se considere que a marca pode

continuar o seu propio funcionamento, para o que desde a Deputación arbitraranse as medidas oportunas.

12.- BENEFICIOS DO USO DA MARCA

A Deputación encargárase inicialmente de xestionar e manter a marca Refuxios do Río Mandeo, fomentando a participación dos establecementos de aloxamento e restauración da zona.

A Deputación aprobará convocatorias de axudas dirixidas aos establecementos que teñan concedido o uso da marca, destinadas á súa modernización e mellora, mediante a realización de obras ou actuacións para mellorar a calidade das súas instalacións e servizos.

Ademais, a Deputación aprobará plans de promoción e difusión da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO, como son unha central de reservas, presentación en feiras de turismo e páxinas web especializadas, dotación de material e sinalización común, etc.

Todo iso realízase coa finalidade de atraer visitantes e potenciar o desenvolvemento socioeconómico da zona, xunto co resto das actuacións previstas no Proxecto Mandeo no seu conxunto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os 16 establecementos de restauración e aloxamento que a continuación se indican, xa foron auditados durante a fase de execución do contrato de desenvolvemento dunha marca de calidade propia do proxecto Mandeo, polo que estes establecementos só necesitan presentar unha solicitude formal de adhesión á marca e sen necesidade de novas auditorías mediante resolución da Presidencia concederáselles o uso da marca REFUXIOS DO RÍO MANDEO:

RESTAURANTE	CASA PLATAS	ARANGA
RESTAURANTE	A CABANA	BERGONDO
RESTAURANTE	PARRILLADA SAN ISIDRO	
RESTAURANTE	OS ARCOS	BETANZOS
RESTAURANTE	MESÓN VEGA	
ALOXAMENTO	CASA DOS NOCHE	COIRÓS
RESTAURANTE	MESÓN EL CASERÍO	
RESTAURANTE	EXPRESS	CURTIS
ALOXAMENTO	CASAL DE MOUROS	IRIXOA
RESTAURANTE	EL MODERNO	OZA
ALOXAMENTO	CASA DE SIXTO	PADERNE

ALOXAMENTO	CASA QUINTO	SOBRADO
ALOXAMENTO	CASA REBORDIÑOS	
ALOXAMENTO	PICOTO	
RESTAURANTE	AS CASIÑAS	
RESTAURANTE	CASA DO QUEIXO DE GRIXALBA	

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO

DO PROXECTO MANDEO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER

1.- NOME DO ESTABLECEMENTO

--

2.- RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA SOLICITANTE

Denominación social:

Personalidade xurídica:

CIF / NIF:

3.- REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Cargo:

4.- ENDEREZO

Rúa:

Concello:

Provincia:

Código postal:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil

Fax:

Páxina web:

Correo electrónico:

5.- SISTEMA DE CALIDADE CERTIFICADO

ISO 9000 ou similar (especifique) Si Non

Sistema de análise de perigos e puntos críticos de control (APPCC)

Si Non

Q de Calidade Turística (especifique): Si Non

Outras certificacións externas (especifique): Si Non

Sistema de calidade implantado (sen certificar): Si Non

6.- MARCA COMERCIAL E SERVIZOS
Nome / Marca comercial:
Categoría:
Número de habitacións / prazas:
Concello de localización:
Tipo de marca que se solicita <input type="checkbox"/> Empresa de restauración <input type="checkbox"/> Empresa de aloxamento
Descrición do contorno:
Servizos:
Observacións:

7.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:
<input type="checkbox"/> CIF da empresa
<input type="checkbox"/> DNI do representante
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da representación
<input type="checkbox"/> Outros (especifíqueos)

Lugar e data	
Sinatura do solicitante	

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

19.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE SANTIAGO INMOBLE A.VV. AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS/PELAMIOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago do inmoble: A.VV. "AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS"/PELAMIOS

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo e edificacións (son tres edificacións)	Resol. Nº 13096 de 20.8.01	192.873,36
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 5263, de 27.03.2003	12.020,00
Obras (proxecto inicial e reformado reformado)	Resol. nº 18001 de 30-10-08	281.991,94
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 5.110 DE 30/03/06	6.258,39
Mobiliario	Resol. nº 19168, de 15-9-2009	10.058,39
	total	503.202,08

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: TRES EDIFICACIÓNS UNIDAS OU MACLADAS DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRA CON PREDIO NA PARTE POSTERIOR, SITUADAS NA RÚA VISTA ALEGRE nº 9-A, nº 9-B E nº 11.

- SUPERFICIE: CASA 9-B (ANTES 7) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO, DUNS 40 m2

CASA 9-A (ANTES 6) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO, DUNS 24,38 m2 COA SÚA HORTA UNIDA Á SÚA ESPALDA DE 111M2, FORMANDO UNHA SÓ PREDIO

CASA Nº 11 (ANTES 8) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO DUNS 40 M2

- REFERENCIA CATASTRAL:

7185920NH3478E0001XH; 7185921NH3478E0001IH; 7185919NH3478E0001JH

- ADQUISICIÓN: COMPRAVENDA A D. FRANCISCO, D. JAIME, D. RAMÓN VARELA PEREIRO, DONA DOLORES AMBOAJE SEIJO E D. ADOLFO VARELA AMBOAJE, SEGUNDO ESCRITURA OUTORGADA POLO NOTARIO D. JOSÉ IGLESIAS BOUZA O 09/04/03. Nº PROTOCOLO: 153

- DESTINO: Cesión á A.VV. “AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS / PELAMIOS”.

- OBRA NOVA: Edificación composta de dúas plantas do xeito que se indica:

nivel	Superficie útil	Superficie construída
Planta 0	153,48	203,63
Planta 1	64,44	119,64
total	217,92	323,27

A planta baixa destínase a accesos, información e biblioteca, talleres e instalacións necesarias; a planta primeira a talleres.

Un elemento novo, anexo ao antigo, ao que se accede a través duns patios, destínase a auditorio/sala de usos múltiples.

2º. As condicións de cesión de uso son as establecidas no texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para a cesión do edificio destinado á Asociación de Veciños das “Brañas de San Andrés”/Pelamios, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión plenaria con data do 18-12-2009.

3º. A cláusula segunda do convenio establece que:

“A autorización de uso realízase por un período de TRINTA anos (30 anos). Este período poderá ser prorrogado por períodos de CATRO (4 anos), por acordo da Excm. Deputación Provincial, logo da petición de Concello de Santiago de Compostela, na que se xustifiquen debidamente as razóns que motivan a necesidade ou conveniencia da prórroga, a solicitude de prórroga deberá formalizarse ante a Deputación provincial cunha antelación mínima de seis meses antes de que expire o prazo da súa vixencia.”

4º. Facultar o presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

20.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE FENE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Fene en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro.
- Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:
 - Taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes.
 - Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

- Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal.
- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que publique no Boletín Oficial da Provincia que se converte en definitivo o acordo municipal de delegación e o acordo de aceptación da dita delegación a Deputación Provincial da Coruña, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

21.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE FENE EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN S MUNICIPAIS POR INFRACCIÓN S DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Fene en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das multas por infraccións da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria conforme co que establecen as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que publique no Boletín Oficial da Provincia que se converte en definitivo o acordo municipal de delegación e o acordo de aceptación da dita delegación a Deputación Provincial da Coruña, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

22.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ABEGONDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematarían orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Abegondo. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións acordadas polo Concello dende o día do acordo plenario, o 28 de setembro de 2009 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta Deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

23.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ROIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prolongación durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012, da delegación na Deputación do exercicio de competencias tributarias acordada polo Concello de Rois. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións acordadas polo Concello dende o día do acordo plenario, o 4 de abril de 2009 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta Deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CAMBRE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cambre.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

25.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CARNOTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Carnota.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

26.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE OUTES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Outes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

27.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE RECADACIÓN POLO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aceptar a delegación da recadación voluntaria e executiva das liquidacións elaboradas previamente polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, derivadas da aplicación da súa Ordenanza fiscal nº 1.

A dita delegación rexerese polo disposto nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia, coa excepción, derivada da propia natureza do Consorcio, do contido da Base terceira, e substituíndo os termos “concello” e “concellos” por “Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña”. Xa que o recurso delegado non é cobro periódico por recibo, senón por liquidación de ingreso directo, non será obxecto de entregas mensuais a conta, senón de liquidacións provisionais de periodicidade trimestral, segundo establece a base sétima.

A delegación terá efectos dende o día en que se publique este acordo de aceptación no *Boletín Oficial da Provincia*, conforme co que determina o artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

2º) Facultar ao presidente da Deputación para aprobar as normas procedementais necesarias para o correcto cumprimento das competencias delegadas.”

28.-MODIFICACIÓNS DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS ANOS 2008 E 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación das Subvención nominativas incluídas na Base 48ª de execución do Orzamento Provincial dos exercicios 2008 e 2009.

1º-1- Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN 2009	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/342A/762.01	Concello Arteixo (1)	P1500500B	Pistas atletismo e polideportivo - 2008	400.000,00	869.714,00	45,99
0202/432E/762.01	Concello de Ames (2)	P1500200I	Reurbanización da rúa de Abaixo - 2008	200.000,00	399.933,95	50,01
0305/463B/489.01	Confederación empresarios CEF-CEFEOR (3)	G70199112	Promoción tecido empresarial actividades ano 2009	90.000,00	112.500,00	80,00

*(1) Modifícase o presuposto subvencionado e á porcentaxe.

*(2) Modifícase o obxecto, o presuposto subvencionado e á porcentaxe.

*(3) Modifícase o beneficiario.

2º.- Facultar ao Presidente para realizar os actos que requiran a execución de presente acordo.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

Sr. presidente

Hai unha declaración institucional asinada por todos os grupos políticos e dous mocións, unha presentada polo Partido Popular e outra presentada polo Partido Socialista de Galicia, PSOE e o Bloque Nacionalista Galego. Doulle a palabra ao Sr. secretario para que faga lectura da declaración institucional.

Sr. Secretario

A Corporación provincial da Coruña quere expresar a súa repulsa pola colocación dun artefacto explosivo na vivenda de Roberto Blanco Valdés, o que constitúe un grave atentado contra a liberdade de expresión, un dereito fundamental dos cidadáns e un dos piares básicos do estado de dereito.

A Corporación provincial expresa o seu apoio e solidariedade con Roberto Blanco Valdés e a súa familia, así como co editor e profesionais do periódico “La Voz de Galicia” e coa comunidade educativa da Universidade de Santiago, onde Blanco Valdés exerce como catedrático de Dereito Constitucional.

MOCIÓNS

Sr. presidente

Como dicía, hai dúas mocións, unha presentada polo Partido Popular e outra presentada polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a Sra. González para presentar a moción.

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. O Partido Popular presenta unha moción que a presenta con emoción, e dalgún xeito gustaríalle que fose aprobada pola sensibilidade que iso implica, para que neste momento de gran sufrimento polo terremoto de Haití, a Deputación da Coruña tome a iniciativa de envío de axuda a este pobo. Entendemos que o tempo é o factor causante disto e non é probable que nos pase por cuestións xeográficas, pero os pobos están cheos de persoas, as persoas sofren e o sufrimento que estamos vendo e, aínda que a moitos quilómetros, está dentro do noso corazón, e entendemos que a Deputación como institución ten que dar esta proba de estar preto dos que sofren, dos desfavorecidos, e aportar o gran de area que fai falta neste momento. Todo é necesario para mellorar a vida dos que están alí e aínda que os tempos van ser dilatados no que é a reconstrución dese país, a Deputación tense que dar présa e estar o máis preto posible e canto antes, coa súa achega, neste sentido vai esta moción presentada con moita emoción.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González. Non imos votar a urxencia da moción porque a Deputación xa está traballando no tema de Haití, sería difícil aprobar esta moción nos termos que está redactada porque di: envío de axuda aos damnificados de Haití, é moi xenérico, que tipo de axuda teríamos que enviar? e a quen lla teríamos que enviar?.

Eu infórmolle que dúas ONG, Cruz Vermella Española e Unicef dirixíronse por escrito a esta Deputación pedindo un apoio para estas dúas ONG que teñen unha presenza estable en Haití, estamos en contacto con eles para ver como articulamos unha colaboración, porque é unha situación excepcional que require dun convenio excepcional. Vostede sabe que as normas obrígnanos a definir o obxecto, fixar os períodos de prazo de pagamento e é moi complicado, entón estamos buscando con Intervención unha fórmula que nos permita asinar un convenio e dar unha achega, tanto a Cruz Vermella como a Unicef para a reconstrución de Haití. Se logo desta explicación quere vostede manter a moción, someteremos a votación a urxencia, se a quere retirar, se se da por satisfeita pola explicación, como vostede desexe. Prefire que se vote? Entón imos votar, pero eu fago a aclaración de que non estamos votando en contra de que a Deputación apoie a Haití ante a catástrofe que sufriu, simplemente votamos en contra da urxencia dunha moción, porque é innecesaria, porque a Deputación xa está facendo e dunha forma máis concreta do que se explica na moción, o que a proponente quere suscitar ao Pleno da Deputación, dígoo para que non haxa malas interpretacións despois dicindo que a Deputación se nega, que a Deputación xa o está facendo.

Vótase a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

Decae a moción, pero en calquera caso, Sra. González, estea vostede tranquila, que a Deputación demostrou durante moitos anos baixo o mandato deste goberno a súa solidariedade cos países do Terceiro Mundo a través dunhas liñas de financiamento á cooperación internacional e imos seguir nese camiño.

Hai outra moción presentada polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Doulle a palabra ao Sr. Lagares para que faga a presentación.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Trátase dunha moción do equipo de goberno desta Deputación, integrado polo PsdeG-PSOE e polo Bloque Nacionalista Galego, relativa á defensa do galego como lingua propia de Galicia.

No mes de decembro, en Nadal de 2009, recibimos con moita preocupación, creo que toda a sociedade galega, unhas bases para o Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Estas bases, analizándoas en profundidade por parte de distintos colectivos, veñen mostrar un retroceso grande na normalización lingüística de Galicia, e dentro da lexislación que temos en vigor quería destacar que a Constitución, carta magna, di no artigo 3.2 que a lingua galega é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia, a Lei 3/83 de normalización lingüística obriga a favorecer un cambio de tendencia na consideración social do galego e na súa incorporación ás novas esferas da vida social. Así mesmo, a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, un tratado asinado por España no ano 2001, utiliza un concepto de normalización que non se encerra no mundo do ensino, senón que é máis transversal, detallado e actualizado que a nosa propia lexislación. E tamén temos que ter en conta o Plan xeral de normalización lingüística alcanzado por un amplo consenso político na Cámara do Parlamento de Galicia.

Quero salientar que estas bases do galego implican non unha protección e un desenvolvemento acorde coa realidade, senón que representan un freo e algo que significa unha volta atrás. A proposta é inconsistente desde o punto de vista legal, porque choca tanto coa Constitución como co Estatuto de Autonomía. Igualmente a proposta é irresponsable, no sentido estrito de que o Goberno non asume as responsabilidades propias da Administración educativa, senón que deriva a outros ámbitos, consulta cos pais, gran parte das responsabilidades que lles competen segundo as leis ás que se deben.

No ano 2009 a Real Academia Galega que honrou o 17 de maio a figura de Ramón Piñeiro, inesquecible ensaísta e loitador do galeguismo, entende como un valor moi positivo no seu informe unha lingua para todos, o multilingüismo que é necesario aplicalo no medio educativo, pero todo isto dentro dunha orde, sen facer viable a non práctica da nosa lingua materna, a lingua galega. A nosa lingua, o idioma galego, é un prezado e precioso valor que temos, é un valor que nos une, que pertence á colectividade, sen exclusións a quen a fala e a quen non, unha cadea intelixente entre as xeracións pasadas, presentes e futuras, unha contribución singular á diversidade universal, e nunca, nunca, nunca deberá de ser motivo de discordia no fogar da convivencia democrática. Non temos que volver á longa noite de pedra que dicía o bardo Celso Emilio Ferreiro, debemos de asumir que a lingua é un escudo e unha forza para seguir creando valores que así, axiña, seremos máis universais.

Os distintos puntos da moción son catro e son, instar á Xunta de Galicia a retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o

pasado 30 de decembro ante a opinión pública, aínda non é Decreto; segundo, cumprir as obrigacións estatutarias da normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía; terceiro, presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe das linguas estranxeiras, factible e rigoroso, sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas desde o anterior goberno e coa súa correspondente memoria económica que o faga factible. E cuarto punto, retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plan de normalización lingüística, aprobado por consenso por todas as forzas parlamentarias.

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, as nogueiras e os castiñeiros que dan hoxe noces e castañas, non as plantamos nós, foron os nosos avós, temos a obrigación de facer o mesmo, e se ademais de plantar as árbores que dean froito deixamos unha lingua forte, digna, viva, sen discordias dentro do Estado español, faremos unha santa e redentora obra. Moitas grazas e moito sentidiño.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día a todos e a todas. Efectivamente, esta proposta que presenta hoxe aquí o equipo de goberno e que o Sr. Lagares acaba de ler cales son os seus puntos de acordo, desde o noso punto de vista vén baseada, fundamentalmente, pola situación que se vén dando nos últimos tempos respecto da nosa lingua. A situación que nós particularmente cualificamos de esperpéntica é que determinados sectores políticos e determinados sectores mediáticos pretenden trasladar e pretenderon, e seguen pretendendo trasladar á opinión pública a idea que o idioma castelán, o español, corre perigo en Galicia, parece ser, din estes mesmos sectores políticos e mediáticos, que por razón dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Ben, cualificabamos, como digo, esta situación de esperpéntica porque todo o mundo sabe, independentemente da súa ideoloxía, que no noso país o galego está hoxe moi lonxe aínda de ser unha lingua normalizada. Eu, particularmente, como galego falante teño moitas dificultades para atopar un xornal que poida ler integramente en galego. Eu, como galego falante teño moitas dificultades, por non dicir que me resulta case imposible, acudir se fose o caso, a un acto relixioso en galego. Eu, particularmente, como galego falante teño moitas dificultades, por non dicir que me resulta case imposible, acudir a calquera estamento da Administración de Xustiza e ser atendida en galego. Eu incluso como galego falante, tiven dificultades no seu momento para poder poñer a esquela do meu pai en galego e para que á miña filla lle impartiran galego como galego falante que era desde que naceu, no seu colexio. Iso non me pasa a min, por desgraza, pásalles a miles de galegos e de galegas e, polo tanto, ao que temos que tender é a que esta situación se normalice.

Galicia é un país e ten hoxe precisamente un Goberno galego grazas a que temos un Estatuto de Autonomía polo que se traballou moito no seu día e o Goberno galego existe precisamente tamén grazas a ese Estatuto de Autonomía e grazas, sobre todo, a que somos un país cunhas singularidades, cunhas características, nin mellores nin peores que as de ninguén, pero cunhas características culturais propias. Entre outras

cousas Galicia existe porque ten unha lingua propia, se o seu Goberno, o galego, tamén existe, entre outras cousas, por iso, non parece lóxico nin entendible por ninguén, sexa da ideoloxía que sexa, que ese goberno galego que está aí fundamentalmente porque existe Galicia e porque existe o galego, non defenda precisamente a nosa lingua e a nosa cultura.

Antes xa se citaron aquí, citouno o compañeiro de Goberno, o Sr. Lagares, xa se citaron aquí innumerables leis, innumerable lexislación e innumerables informes que apoian precisamente, non só que apoian, senón que informan de que, efectivamente, o galego é unha lingua en inferioridade de condicións no seu propio país. Polo tanto, a lexislación xa existe, existe un Plan de normalización lingüística aprobado por amplísimo consenso político e social, que neste momento entendemos que se quere ou que se pretende vulnerar en base precisamente a unha falsa idea de que existe unha imposición do galego e unha minusvaloración do castelán. Nós, como nacionalistas, evidentemente, temos que defender que a lingua galega e as persoas que vivimos en Galicia podamos ter competencia no noso idioma, sen exclusións de ningún tipo. Penso, precisamente, que isto que estou dicindo atendía a ese Plan de normalización lingüística e ao seu desenvolvemento a través do Decreto 124/2007 que estaba en vixencia, que estaba e que segue estando en vixencia. Por iso, apoiamos que polo de agora as circunstancias non aconsellan outra cousa, as circunstancias e os informes de todo tipo, como xa se dixo, polo de agora consideramos que este consenso político e social que xa alcanzamos neste tema, debe de seguir así. Non existe problema, ou non existe un gran problema nesta materia, só existen grupos, persoas individualmente que quixeron crear un gran problema con esta cuestión e que agora probablemente por darlle pábulo a eses grupos ou persoas algúns grupos políticos non saiban saír moi ben dela.

En todo caso, no que respecta ao Bloque Nacionalista Galego a nosa man está tendida, sempre que se respecte o consenso político que acadamos no seu momento e se respecte que todas as normas que se desenvolveron e se desenvolvan no futuro precisamente para que ese Plan de normalización lingüística poida ser cen por cento efectivo, estaremos sempre ao lado de quen o propoña.

Polo tanto, os acordos xa se leron e consideramos que o borrador que está presentado nestes momentos por parte dese Goberno galego que é Goberno galego grazas a ter e a que existe Galicia e unha lingua galega, pensamos, non só o pensamos nós verdade?, pensamos que non é o Decreto ou borrador de Decreto que debe desenvolverse e que debe de seguir para adiante. Nós avogamos, como antes xa dixemos, por ese consenso político e social, e sobre todo porque o noso idioma sexa algún día máis cedo que tarde plenamente normalizado no noso propio país.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente. Bos días, Sras. e Sres. deputados. O Grupo Popular non está de acordo coa urxencia desta moción, creo que se nos desen máis tempo para debatela profundaríamos máis nela e vai votar en contra da urxencia. Con

todo, desde o Grupo Popular queremos destacar, e seguiremos destacando sempre nesta cámara que non é o foro a Deputación para debater este tema porque se queren vostedes nós o próximo día traeremos tamén a debate a Lei de Caixas, a situación económica en España, o paro, a Presidencia europea, o debate sobre enerxía nuclear ou outros temas, e faremos desta cámara unha cámara de resonancia xa non só galega, senón nacional, co cal a verdade é que nós estamos dispostos tamén a que certos temas se debatan onde teñen que debaterse. E é verdade que xa o repetimos no anterior Pleno, e ademais foi un acordo do Sr. presidente, que dixo que a cámara da Deputación era para debater temas da Deputación. Con todo, teñen vostedes que entender que no programa electoral que o Partido Popular presentou ás eleccións de hai uns meses, 800.000 galegos votaron a favor e en contra da inmersión de calquera idioma. Iso é patente e eu creo que a xente que apoiou este programa electoral, que saíu triunfador nas urnas e que hoxe goberna a Xunta, ten varias preguntas que facer. E cando se di por consenso político e social, 800.000 persoas son un grupo numeroso e importante para estar en contra dunha inmersión que realmente afecta á vida dos galegos e de Galicia.

Con todo a min gustaríame saber, Sr. presidente, e Sres. portavoces do Partido Socialista e do BNG, se vostedes están ou non de acordo con que os pais teñan algo que dicir sobre o idioma no que se debe educar aos seus fillos. Tamén me gustaría saber se están de acordo con que os nenos poidan dirixirse ao profesor e facer os exames na súa lingua vehicular e terceira, se vostedes están de acordo con que os seus fillos poidan recibir máis ensino en inglés no sistema educativo público. Moitas grazas.

Vótase a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Unha vez aprobada a urxencia, sométese a votación a moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PsdeG-PSOE e BNG), RELATIVA Á DEFENSA DO GALEGO COMO LINGUA PROPIA DE GALICIA

Os grupos políticos do equipo de goberno da Deputación da Coruña (PSdeG-PSOE e BNG) presentan a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso país non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos se reduciu á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galicia nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.

Das medidas impulsadas nos últimos anos e inspiradas no consenso que establece a Lei e o Plan de normalización lingüística, eliminouse a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminouse a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelouse o modelo educativo de Galescolas, e reduciuse drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

O goberno galego pretende substituír o actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto do plurilingüismo. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70 - 30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o goberno galego reduce os orzamentos para o ensino público.

As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüística (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos.

É un borrador que está traendo conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai deixación das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudantado e ás familias. Porque ademais é unha proposta feita sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.

As bases para a elaboración do novo decreto preséntanse baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán, e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a

1. Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.
2. Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.
3. Presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas dende o anterior goberno e coa súa correspondente memoria económica que o faga factible.
4. Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

É unha pregunta acerca de que as recentes nevadas e o forte vento e temporal que arrasou a toda a provincia hai uns días facía necesaria a creación, desde o noso punto de vista, dunha comisión de valoración dos danos en cada municipio, estradas con desprendementos de terreos e árbores que provocaron máis fochas das que hai, marquesiñas arrincadas, algunhas das cales permanecen nese estado desde temporais anteriores, así como carteis, indicadores e sinais que poñen en perigo transitar por elas. Doutra banda, entendemos e rogamos que se faga un estudo pormenorizado da incidencia deste temporal nos distintos edificios dependentes da Deputación. En momentos de austeridade no gasto o Partido Popular pide que se estableza a prioridade de atender este tipo de urxencias xa que o deterioramento existente nalgunhas estradas sumouse ao temporal de neve e choiva, que fai que se agudicen e os veciños dalgunhas localidades poidan ter graves dificultades para transitar por elas.

O Grupo do Partido Popular roga ao presidente da Deputación que poña esta institución, unha vez máis, ao servizo dos veciños. Hai uns días pasóusenos un informe dos danos ocasionados polo temporal de choiva e vento ao Grupo, no que efectivamente dánosen a coñecer unha serie de arranxos que se fixeron, pero estes non son suficientes nin son a totalidade dos que quedaron logo deste temporal, de feito no punto cuarto di: “Quedan por executar pequenas reparacións de biondas e sinais tirados e existen algunhas marquesiñas rotas que o estaban con anterioridade ao temporal e cuxa reparación xa está prevista”. Pois iso, insistimos con este rogo que se repare, que se establezan prioridades, que se faga un seguimento dos danos ocasionados polo temporal último e que no posible se emende todo este tipo de incidencias. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González. Entendemos que a comisión de valoración de danos non é necesario constituíla, hai un informe, eu pedinlle aos servizos de Vías e Obras que fixesen un informe sobre a situación das estradas e os danos que se produciron, e díxenlles que se presentasen na comisión, na primeira Comisión informativa de Vías e Obras que se celebre, e así foi. Vostedes dispoñen da información, estrada por estrada de todas as incidencias que houbo, que foron fundamentalmente cortar e retirar árbores, limpar gabias e limpar calzadas, ata figura o custo que teremos que soportar, 31.678,04 €. Polo tanto, entendemos que non hai que facer ningunha comisión de información, nin de valoración, porque a valoración está feita e a información aos grupos de goberno ao grupo da oposición, deuse en tempo e hora, o 25 pasado na Comisión de Vías e Obras. Por outra banda, sobre estudo pormenorizado de edificios dependentes da Deputación, eu non teño noticias de que haxa ningunha incidencia en ningún edificio da Deputación, ninguén me informou de nada. Desde logo, se hai calquera incidencia, calquera desperfecto por causa do temporal, supoño que se estará arranxando xa,

porque iso é automático. Polo tanto, esta é a resposta que lle teño que dar á súa petición.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.